

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*ORDE do 29 de febreiro de 2012 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2012 e se procede á súa convocatoria.*

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, leva a cabo a promoción e organización de actividades cun claro compoñente de educación non formal destinadas á xuventude no ámbito do lecer e o tempo libre.

Asumidas as competencias neste eido polo Decreto 146/1982, do 1 de decembro, a Consellería de Traballo e Benestar inclúe, entre os seus obxectivos, o de favorecer a participación da mocidade en actividades deste tipo, e para iso convoca, unha vez máis, a Campaña Verán-2012.

A través da oferta da devandita campaña ofrécese a posibilidade de que a mocidade empregue o seu tempo libre vacacional participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo, que sirvan non só para divertirse senón tamén para o enriquecemento persoal e vital, ademais de ofrecer a posibilidade de coñecer outros territorios da xeografía nacional a través das actividades que teñan lugar noutras comunidades autónomas de España.

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, pretende satisfacer as necesidades dos mozos e mozas galegos na ocupación do seu tempo de lecer.

Por todo isto,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Para facilitar que a mocidade galega poida participar en actividades de tempo libre de calidade, a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, oferta a programación de actividades que se detalla no anexo I desta orde.

As diferentes actividades que integran esta programación levaranse a cabo tanto en Galicia como nas comunidades autónomas de España, en diferentes quendas de entre unha semana e quince días de duración durante os meses de xullo e agosto.

2. A información sobre a convocatoria desta campaña, así como de cada actividade e instalación xuvenil onde se desenvolverá, atoparase detallada na páxina web [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net). Ademais, as persoas interesadas poden solicitar folletos informativos da convocatoria na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, nos servizos e oficinas locais de xuventude das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, nas oficinas e puntos de información xuvenil da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil e nas oficinas de información administrativa e atención ao cidadán.

3. Co fin de lograr a efectiva difusión desta campaña para vindeiras convocatorias e co obxectivo de garantir a transparencia, a eficacia e eficiencia na organización e xestión pública (art. 2 b) da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega), de proporcionar e difundir información constante, veraz, obxectiva e clara sobre a actuación do sector público (2 c), recolleranse experiencias e mesmo fotografías das instalacións e das persoas participantes que poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e mesmo divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como en páxinas web da Consellería de Traballo e Benestar.

#### Artigo 2. *Servizos ofertados.*

1. A participación na oferta da Campaña Verán-2012 realizarase a través de inscrición individual ou múltiple (para os supostos de dous, tres ou catro irmáns/irmás). As persoas participantes disporán dos seguintes servizos:

- a) Un programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial, que posibilite a participación da/o moza/o.
- b) Aloxamento en albergue xuvenil, residencia xuvenil ou campamento xuvenil.
- c) Manutención en réxime de pensión completa.
- d) O material necesario para a actividade.
- e) Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades náuticas, se é o caso.
- f) Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

g) Nas actividades desenvolvidas noutras comunidades autónomas inclúese o transporte desde Santiago de Compostela ou lugar que se sinale como punto de saída, ata o lugar de destino, así como o retorno ata Santiago de Compostela.

2. A incorporación aos campamentos e albergues de Galicia será por conta da persoa interesada o día de inicio da quenda correspondente, entre as 16.00 e as 19.00 horas. Non se admitirá ningún/ningunha participante despois deste límite.

Nas actividades que se leven a cabo noutras comunidades autónomas, será por conta da persoa interesada o traslado desde o seu domicilio ata Santiago de Compostela, ou o lugar que se sinale como punto de saída, tanto o día de ida para a actividade como o día de chegada desta.

No suposto de abandono da actividade ou expulsión da/o participante, será responsabilidade dos pais/nais ou titores/as legais o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que se ocasionen.

### Artigo 3. *Participantes.*

1. Poden solicitar a súa participación nas actividades ofertadas nesta convocatoria os mozos e mozas nados no ano sinalado no anexo I para cada actividade.

2. En canto á idade mínima e máxima para participar na Campaña de Verán 2012, cómpre destacar o seguinte:

– Os/as nados/as no ano 1994 non poderán facer 18 anos antes da finalización do campamento.

– Os/as nados/as no ano 2003 deberán ter feitos 9 anos ao inicio do campamento.

3. O incumprimento destas normas dará lugar á non admisión da solicitude.

4. Ningún/ningunha participante poderá ser admitido/a en máis dun campamento por ano.

### Artigo 4. *Persoas discapacitadas.*

Co obxecto de acadar unha adecuada distribución de prazas nos campamentos de integración organizados pola Xunta de Galicia, aqueles mozos e mozas que teñan unha

discapacidade igual ou superior ao 33% deberán participar neste programa a través da convocatoria que realiza todos os anos a Secretaría Xeral de Política Social, Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal, non podendo presentar solicitudes de participación no sorteo que se terá lugar o día 18 de abril.

No caso de incumprimento do disposto no punto anterior, os/as rapaces/rapazas non serán aceptados/as o día de incorporación ao campamento.

As solicitudes relativas a mozos e mozas procedentes de centros de menores serán canalizadas a través da Subdirección Xeral de Familia e Menores, polo que non serán admitidas aquelas solicitudes que non veñan por esta vía.

#### Artigo 5. *Tipos de solicitude.*

1. A solicitude pode ser individual ou múltiple (para o suposto de dous, tres e ata catro irmáns/irmás).

A solicitude múltiple só se poderá empregar para o suposto de solicitude de irmáns/irmás que soliciten a mesma instalación e quenda. Todas as persoas interesadas que figuren nunha mesma instancia deben cumprir os requisitos de idade exixidos para as instalacións e quendas solicitadas.

O incumprimento do disposto no parágrafo anterior por unha das persoas participantes suporá a exclusión de todas as que figuren nesa mesma solicitude.

Estas solicitudes teñen efecto durante o sorteo para a adxudicación da praza e para xerar as listas de espera, pero no momento das adxudicacións desde a lista de espera xa se teñen en conta como individuais.

#### 2. Presentación de solicitudes.

A presentación da solicitude poderá facerse, a elección do/a solicitante, por vía escrita ou por vía telemática:

##### a) Vía escrita:

As solicitudes deberán formularse no impreso que se indica no anexo II desta orde, que poderá solicitar nos servizos que especifica o artigo 1.2.º, ou ben descargar e cubrir directamente desde a páxina web [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net), para logo presentar a través de rexistro.

A dita solicitude e mais a documentación requirida dirixirase á persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, e poderá presentarse no Rexistro da Consellería de Traballo e Benestar, sito no edificio administrativo da Xunta de Galicia en San Lázaro en Santiago de Compostela, nos rexistros das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Todas aquelas persoas que presenten a súa solicitude a través do procedemento do portelo único dos concellos ou por correo ordinario deberán remitir, unha vez rexistrada, unha copia desta por fax ao número 981 54 58 43.

Se a solicitude se presenta por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que na oficina de correos correspondente se faga constar o selo e a data antes de proceder o seu envío postal.

Non serán admitidas aquelas solicitudes presentadas unicamente vía fax.

b) Vía telemática:

A vía telemática establécese como un mecanismo de presentación nun único trámite para aqueles/as solicitantes que reúnan os seguintes requisitos:

– Os/as solicitantes deberán posuír un certificado dixital baixo a norma X.509. V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, Real Casa da Moeda, ou DNI electrónico.

Poderá accederse a esta vía de presentación a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet: <http://www.xunta.es/servizos>, ou a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo: <https://sede.xunta.es>.

Unha vez asinada a solicitude co certificado dixital do/a solicitante, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

3. Formalización da solicitude.

Os impresos de solicitude deben ser cubertos de acordo coas seguintes normas:

a) Cada mozo ou moza só poderá cubrir unha solicitude elixindo, por orde de prioridade, un máximo de cinco quendas ou actividades. (Cada quenda ou actividade vai identificada cun código no anexo I desta orde).

b) Os datos do solicitante deben ser os da moza ou mozo que opta a participar nas actividades. No caso de solicitudes múltiples deberán cubrirse os datos de todos os irmáns/irmás que soliciten a súa participación.

c) As solicitudes deberanas asinar os pais/nais ou titores/as dos menores solicitantes.

d) Se o/a solicitante é galego e non residente en Galicia, na súa solicitude debe figurar para as comunicacións, un enderezo nesta comunidade autónoma.

e) A duplicidade dunha solicitude dará lugar á inadmisión de ambas, e o/a solicitante quedará fóra do sorteo.

A partir do 2 de abril, a persoa interesada deberá comprobar a recepción da súa solicitude na páxina web [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net), así como os posibles erros de mecanización que se cometesen co obxecto de proceder á súa corrección. Nesa páxina aparecerá un enlace para consultar os datos das solicitudes. Para ter acceso a estes, deberase incluír o número do DNI do pai/nai ou titor/a que cubriu a instancia, así como a data de caducidade dese DNI. Se as persoas interesadas atopan algún erro nos datos da solicitude ou non a atopan, deben chamar a calquera dos números de teléfono da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que aparecen no anexo IV, antes do día 16 de abril. Unha vez transcorrido ese día, contra os erros ou omisións de solicitudes, non procederá reclamación ningunha.

#### Artigo 6. *Prazo.*

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase ao día seguinte da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 20 de marzo de 2012.

#### Artigo 7. *Adxudicación de prazas.*

A adxudicación das prazas realizarase da seguinte forma:

1. Por adxudicación directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.

2. Por sorteo, por medios informáticos, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles.

Neste caso, o sorteo realizarase ante notario/a o día 18 de abril de 2012, ás 12.00 horas na sala de prensa da Consellería de Traballo e Benestar, sita na terceira planta das depen-

dencias da devandita consellería no edificio administrativo de San Lázaro en Santiago de Compostela.

Mediante este sorteo, cubriranse as prazas nas distintas actividades que especifica o anexo I desta orde.

Así mesmo, dará lugar a unha lista de espera para cada unha das actividades, colocando a cada participante unicamente nunha lista de espera para un campamento concreto, de entre os que solicitou entre as cinco opcións. O número de reservas en cada actividade será do 50% das prazas convocadas.

3. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado fará público o resultado do sorteo, incluídas as listas de espera, e confeccionará a correspondente lista de admitidos/as para cada quenda e actividade. A comunicación do resultado do sorteo para os/as participantes seleccionados/as levarase a cabo vía sms e correo electrónico ao número de teléfono e conta de correo especificados na solicitude, e a lista de admitidos/as será exposta a partir do día 19 de abril de 2012 na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, nos rexistros e servizos de Xuventude e Voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, no Centro de Información Administrativa e Atención ao Cidadán de Santiago de Compostela, e na páxina web [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net). Para estes efectos, a presentación da solicitude implica a autorización para a publicación dos datos da persoa solicitante.

#### Artigo 8. *Documentación.*

Os/as participantes seleccionados/as deberán presentar, desde o día seguinte ao da data de exposición das listas e ata o día 3 de maio de 2012, na Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da provincia onde se vai desenvolver a actividade, ou na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, no caso das actividades que se realicen fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, a seguinte documentación:

- Xustificación de pagamento.
- Fotocopia do DNI ou da folla correspondente do libro de familia, no caso de que o pai/nai ou representante legal do/a menor interesado/a non autorice expresamente a comprobación de datos por medio do acceso telemático ao sistema de verificación de datos de identidade.
- Fotocopia do documento de afiliación á Seguridade Social ou seguro médico privado.

- Cuestionario médico-sanitario (anexo III).
- Declaración responsable de que sabe nadar.
- Fotocopia compulsada do título de familia numerosa, de ser o caso.
- Fotocopia do carné xove, de ser o caso.

**Artigo 9. Adxudicación de prazas ás listas de espera.**

1. As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por presentala fóra do prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo, serán ofrecidas desde o día 21 de maio, aos/as solicitantes que figuran nas listas de espera correspondentes. No caso de que se produzan baixas, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado ou o servizo de xuventude correspondente contactarán, seguindo a orde de lista, cos/coas suplentes mediante chamada telefónica. Realizaranse tres chamadas entre as 9.00 e 14.00 horas que quedarán rexistradas para a súa constancia. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e procederase a chamar á seguinte na lista de espera. Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofrecida deberán presentar a documentación sinalada no artigo 8 nun prazo de 48 horas.

2. No caso de non presentar a mencionada documentación no prazo indicado a praza será ofertada á seguinte da lista de espera.

**Artigo 10. Adxudicación das prazas de resultas.**

1. As prazas vacantes que non se cubrisen polos procedementos de adxudicación establecidos nos artigos 7 e 9 desta orde serán ofertadas a partir do día 4 de xuño. Estas prazas estarán expostas na páxina web [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)

Para estes efectos, poderá solicitar as prazas vacantes toda persoa que cumpra os requisitos do ano de nacemento a que se fai mención no artigo 3 desta orde, e tendo en conta o disposto no artigo 3.4.

2. Para solicitar as prazas de resultas, a persoa interesada poderá efectuar a oportuna reserva da praza, no caso de que existan vacantes, por teléfono a través de calquera servizo de Xuventude e Voluntariado das xefaturas territoriais ou da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.



Cada persoa só poderá facer a reserva, como máximo, de catro prazas para catro participantes.

A reserva de prazas poderase efectuar en horario de 9.00 a 14.00 horas, en días laborables agás os sábados.

3. Unha vez efectuada a reserva de praza, a persoa interesada disporá dun prazo máximo de 48 horas para presentar o impreso que se indica no anexo II desta orde, debidamente cuberto, e a documentación relacionada no artigo 8.

Esta documentación poderá presentala en calquera das oficinas anteriormente relacionadas. En caso contrario, perderá o dereito á praza reservada.

4. No anexo IV indícanse os enderezos e teléfonos das oficinas administrativas a través das cales pode efectuar a oportuna reserva de praza, para os efectos do disposto neste artigo.

#### Artigo 11. *Prezos.*

1. Os prezos de aplicación para cada actividade e quenda aparecen detallados no anexo I desta orde, de acordo co sinalado na orde pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, durante o ano 2012.

2. Os membros de familia que teñan o título de numerosa terán un desconto do 50% sobre os prezos que aparecen detallados no anexo I desta orde. Circunstancia que debe ser acreditada coa presentación dunha fotocopia compulsada do título de familia numerosa vixente.

3. As persoas usuarias do carné xove gozarán dun desconto do 25% sobre os prezos que aparecen detallados no anexo I desta orde. Circunstancia que debe ser acreditada coa presentación dunha fotocopia do carné xove, vixente.

4. Os descontos citados nos dous puntos anteriores en ningún caso serán acumulables.

#### Artigo 12. *Obrigas dos/as adxudicatario/as.*

Os/as adxudicatarios/as das prazas están obrigados/as:

1. A incorporarse á actividade e regresar polos medios e nos prazos establecidos.

2. A non abandonar a actividade sen o permiso do/a seu/súa responsable. En todo caso, o abandono da actividade antes da súa finalización requirirá a comparecencia dos/as pais/nais ou titores/as, e será responsabilidade destes o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que por tal causa se ocasionen, tal e como se especifica no artigo 2.2.

3. A respectar as normas establecidas polos equipos de animación, as normas de réxime interior das respectivas instalacións e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia.

4. A praza é intransferible.

#### Artigo 13. *Devolucións de cotas.*

1. Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente a persoa interesada non puidese asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada polo menos vinte días naturais antes do inicio da actividade, ou cando por causas non imputables á persoa interesada non se preste o servizo ou a Administración anule a actividade.

No caso de renuncia a unha praza concedida e posterior solicitude e adxudicación doutra en resultas, se a renuncia á primeira praza non se comunicou coa antelación de 20 días antes sinalada, terá que aboarse o importe íntegro da segunda praza, sen que se compense co prezo aboado pola primeira.

2. Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflicte no punto anterior, polo menos vinte días naturais antes do inicio da actividade, serán denegadas independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude de devolución de cota.

3. Para estes efectos, as persoas interesadas dispoñen dun modelo normalizado de solicitude de devolución de cota de participación anexo a esta orde (anexo V), que tamén poderán solicitar na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e nos servizos de xuventude e voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

4. A solicitude deberá dirixirse ao/á xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar da provincia onde se vai desenvolver a actividade, ou a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado no caso das actividades que se desenvolvan fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, que serán os órganos encargados de resolver en cada caso.

Artigo 14. *Protección de datos.*

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos recollidos nos diferentes anexos desta orde resultan necesarios para a adxudicación de prazas xuvenís dentro do Programa Campaña Verán 2012. Os datos facilitados considéranse exactos e postos ao día, ademais de pertinentes e axeitados, e serán incorporados a un ficheiro do que é responsable a Consellería de Traballo e Benestar coa finalidade de xestión da actividade. O/a titular dos datos consente expresamente a súa comunicación a organizacións ou persoas directamente relacionadas co/coa responsable do ficheiro e a súa publicación nos termos contidos na presente orde. Non haberá máis cesións de datos agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias ou no caso de que unha lei o previse. A persoa interesada pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o centro directivo competente en materia de xuventude no enderezo edificio administrativo San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou no correo electrónico [lopd.xuventude@xunta.es](mailto:lopd.xuventude@xunta.es)

Cando o/a solicitante facilite datos dun terceiro, aínda que se trate de menores de idade, sempre que sexan maiores de 14 anos, será o/a encargado/a de informar do contido desta cláusula ao/á titular dos datos e con carácter previo á súa inclusión no devandito ficheiro, no caso dos/as menores deberá expresalo nunha linguaxe facilmente comprensible para os mesmos/as.

Disposición derradeira primeira.

Facúltase á persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para ditare, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda.

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de febreiro de 2012.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

**ANEXO I**  
**Campamentos de verán 2012**

Instalación xuvenil	Actividade	Data	Ano nacemento	Importe praza	Código
Alb. Xuv. Mariña Española	A miña primeira aventura	1-8/7	02-03	110,4 €	150001
		11-18/7	02-03	110,4 €	150002
		21-28/7	02-03	110,4 €	150003
		01-08/8	02-03	110,4 €	150004
	Deporte e recreación	11-18/8	00-01	110,4 €	150005
Alb. Xuv. Gandarío	Galicia verde e azul	1-12/7	94-95-96	193,8 €	150006
	Actividades no mar	1-12/7	97-98	225,6 €	150007
	Actividades no mar	17-28/7	97-98	225,6 €	150008
	Vela e táboa	17-28/7	94-95-96	225,6 €	150009
	Actividades no mar	2-13/8	98-99	225,6 €	150010
	Vela e táboa	2-13/8	94-95-96	225,6 €	150011
	Actividades no mar	18-29/8	97-98	225,6 €	150012
Camp. Xuv. Furelos	En bicicleta e a cabalo pola natureza	1-12/7	97-98	201,6 €	150014
		17-28/7	94-95-96	201,6 €	150015
		2-13/8	98-99	201,6 €	150016
Camp. Xuv. Virxe de Loreto	Natureza xunto ao mar	1-12/7	97-98	201,6 €	150017
		17-28/7	97-98	201,6 €	150018
		2-13/8	94-95-96	201,6 €	150019
Camp. Xuv. Espiñeira	Campamento de teatro	1-12/7	00-01	171,6 €	150020
		17-28/7	00-01	171,6 €	150021
Alb. Xuv. Area	Actividades no mar: vela, táboa, wake board e aula de natureza mariña	1-12/7	97-98	225,6 €	270001
		17-28/7	96-97	225,6 €	270002
		2-13/8	97-98	225,6 €	270003
		18-29/8	97-98	225,6 €	270004
Alb. Xuv. Benigno Quiroga	Xogando no encoro. A nosa primeira aventura	1-8/7	01-02-03	110,4 €	270005
		11-18/7	01-02-03	110,4 €	270006
		21-28/7	01-02-03	110,4 €	270007
		01-08/8	01-02-03	110,4 €	270008
Camp. Xuv. A Devesa	Multiaventura: ambiente e mar	1-12/7	98-99	171,6 €	270009
	Acampada ao carón do mar	1-12/7	00-01	171,6 €	270010
	DevesAventura	17-28/7	98-99	171,6 €	270011
	Campamento Sinte Galicia	17-28/7	00-01	171,6 €	270012
	Unha viaxe a través do tempo	2-13/8	00-01	171,6 €	270013
	Sons da Devesa	2-13/8	00-01	171,6 €	270014
Camp. Xuv. Os Chacotes	Multiaventura nos Chacotes	17-28/7	97-98	171,6 €	270015
	Aventura-T	2-13/8	98-99	171,6 €	270016
	Galicia verde e azul	1-12/7	94-95-96	193,8 €	270017

Instalación xuvenil	Actividade	Data	Ano nacemento	Importe praza	Código
Camp. Xuv. P. de Xacinto	Aventura e deporte	1-12/7	01-02-03	171,6 €	320001
		17-28/7	98-99	171,6 €	320002
		2-13/8	97-98	171,6 €	320003
Alb. Xuv. As Sinas	Actividades no mar: vela, dorna, táboa, piragüismo, kaiak-polo e aula natureza mariña	1-12/7	97-98	225,6 €	360001
		17-28/7	97-98	225,6 €	360002
		2-13/8	97-98	225,6 €	360003
		18-29/8	94-95-96	225,6 €	360004
Camp. Xuv. Pontemarl	A miña primeira aventura	1-8/7	01-02-03	98,4 €	360005
		11-18/7	01-02-03	98,4 €	360006
		21-28/7	01-02-03	98,4 €	360007
	Aventura na natureza	1-12/7	00-01	171,6 €	360008
		17-28/7	98-99	171,6 €	360009
		2-13/8	98-99	171,6 €	360010
Camp. Xuv. Illa de Ons	Aventura na illa	1-12/7	99-00	171,6 €	360011
		17-28/7	00-01	171,6 €	360012
		2-13/8	99	171,6 €	360013


**Campamentos noutras comunidades autónomas. Ano 2012 Campaña Verán**

Comunidade autónoma	Instalación xuvenil	Modalidade	Ano nacemento	Data	Prezo	Código
Álava	Albergue Carlos Abaitua	Colonia de rock	95-96	1-12/7	286,5 €	500001
	Albergue Carlos Abaitua	Gaia-Comic	95-96-97	1-12/7	286,5 €	500002
	Alb. Xuv. Barría	Multiaventura	97-98	1-11/8	268,5 €	500003
	Isla de Zuhatza	Náutica	97-98	1-11/8	277,3 €	500004
Cantabria	Alb. Xuv. Loreda e Alb. Xuv. Tama	Mar e montaña	94-95-96-97	17-31/7	340,5 €	500005
	Camp. Xuv. Tama	Montaña	97-98	17-31/7	285 €	500006
Estremadura	Alb. Xuv. Las Castellanas (Cáceres)	Multiaventura	97-98	3-14/8	286,5 €	500007
Castela e León	Alb. Xuv. Navarredonda de Gredos	Multiaventura	98-99	1-10/8	250,5 €	500008
A Rioxa	Alb. Xuv. Ezcaray	Multiaventura	97-98	1-12/7	286,5 €	500009
Navarra	Alb. Xuv. Alsasua	Multiaventura	98-99	2-11/7	250,5 €	500010



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

ANEXO II A


**SOLICITUDE INDIVIDUAL DE PRAZAS XUVENÍS DA CAMPAÑA DE VERÁN**

--	--	--	--	--

(Para cubrir pola Administración)

PROCEDEMENTO <b>PRAZAS XUVENÍS, PROGRAMA CAMPAÑA DE VERÁN</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>BS303A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO/A RESPONSABLE DO/A MENOR**

NIF PAI/NAI/TITOR/A	DATA CADUCIDADE DNI (dato obrigatorio)	NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
PROVINCIA	CONCELLO	ENDEREZO		
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	

**DATOS DO/A MENOR**

DNI SOLICITANTE	NOME	PRIMEIRO APELIDO
SEGUNDO APELIDO	DATA NACEMENTO	

**INSTALACIÓNS QUE SOLICITA**

CÓDIGO:	
CÓDIGO:	
CÓDIGO:	
CÓDIGO:	
CÓDIGO:	

**DECLARACIÓN XURADA DO PAI/NAI/TITOR/A**
**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NESTA SOLICITUDE.**

Autorización para a comprobación telemática de datos do/a solicitante ou representante legal (pai/nai/titor/a).  
Autorizo a consellería de conformidade cos artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade nos sistemas de verificación de datos de identidade.  
(Marcar cun X o que proceda)  SI  NON (no caso de non outorgar autorización, deberá achegar copia do DNI)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**
*Orde do 29 de febreiro de 2012 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de Verán 2012 e se procede á súa convocatoria.*

SINATURA DO/A RESPONSABLE DO/A MENOR

Lugar e data

de

de 201

**(Para cubrir pola Administración)**

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	/ /
	DATA DE EFECTOS
	/ /
	DATA DE SAIDA
	/ /

**Director xeral de Xuventude e Voluntariado**

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos recollidos nos diferentes anexos desta orde resultan necesarios para a adxudicación de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de Verán 2012. Os datos facilitados considéranse exactos e postos ao día e serán incorporados a un ficheiro do cal é responsable a Consellería de Traballo e Benestar, coa finalidade de xestión da actividade. O titular dos datos consente a comunicación destes a organizacións ou persoas directamente relacionadas co responsable do ficheiro e a súa publicación nos termos contidos nesta orde. Non haberá máis cesións de datos agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias ou no caso de que unha lei o prevexa. O/a interesado/a pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o centro directivo competente, no enderezo edificio administrativo San Lázaro, s/n, 3.º andar, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou no correo electrónico lpd.xuventude@xunta.es

Cando o/a solicitante facilite datos dun terceiro, aínda que se trate de menores de idade, sempre que sexan maiores de 14 anos, será o encargado de informar do contido desta cláusula ao titular dos datos e con carácter previo á súa inclusión no dito ficheiro; no caso de menores deberá expresalo nunha linguaxe facilmente comprensible para estes. A presentación desta solicitude implica a autorización para a publicación dos datos do/da solicitante, conforme o disposto no artigo 7.3 desta orde.



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229


Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

ANEXO II B



**SOLICITUDE MÚLTIPLE DE PRAZAS XUVENÍS DA CAMPAÑA DE VERÁN**

--	--	--	--	--	--

(Para cubrir pola Administración)

PROCEDEMENTO <b>PRAZAS XUVENÍS, PROGRAMA CAMPAÑA DE VERÁN</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>BS303A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO/A RESPONSABLE DO/A MENOR**

NIF PAI/NAI/TITOR/A	DATA CADUCIDADE DNI (dato obrigatorio)	NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
PROVINCIA	CONCELLO	ENDEREZO		
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	

**DATOS DO/A MENOR 1**

DNI SOLICITANTE	NOME	PRIMEIRO APELIDO
SEGUNDO APELIDO	DATA NACEMENTO	

**DATOS DO/A MENOR 2**

DNI SOLICITANTE	NOME	PRIMEIRO APELIDO
SEGUNDO APELIDO	DATA NACEMENTO	

**DATOS DO/A MENOR 3**

DNI SOLICITANTE	NOME	PRIMEIRO APELIDO
SEGUNDO APELIDO	DATA NACEMENTO	

**DATOS DO/A MENOR 4**

DNI SOLICITANTE	NOME	PRIMEIRO APELIDO
SEGUNDO APELIDO	DATA NACEMENTO	

**INSTALACIÓNS QUE SOLICITA**

CÓDIGO:		CÓDIGO:	
CÓDIGO:		CÓDIGO:	
CÓDIGO:		CÓDIGO:	

Autorización para a comprobación telemática de datos do/a solicitante ou representante legal (pai/nai/titor/a).  
 Autorizo a consellería de conformidade cos artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade nos sistemas de verificación de datos de identidade.  
 (Marcar cun X o que proceda)     SI     NON (no caso de non outorgar autorización, deberá achegar copia do DNI)

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 29 de febreiro de 2012 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de Verán 2012 e se procede à súa convocatoria.</i>  SINATURA DO/A RESPONSABLE DO/A MENOR  Lugar e data _____ de _____ de 201	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO  REVISADO E CONFORME  NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
--	---

**DECLARACIÓN XURADA DO PAI /NAI /TITOR/A**

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NESTA SOLICITUDE.**

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos recollidos nos diferentes anexos desta orde resultan necesarios para a adxudicación de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de Verán 2012. Os datos facilitados considéranse exactos e postos ao día e serán incorporados a un ficheiro do cal é responsable a Consellería de Traballo e Benestar, coa finalidade de xestión da actividade. O titular dos datos consente a comunicación destes a organizacións ou persoas directamente relacionadas co responsable do ficheiro e a súa publicación nos termos contidos nesta orde. Non haberá máis cesións de datos agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias ou no caso de que unha lei o prevea. O/a interesado/a pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o centro directivo competente, no enderezo edificio administrativo San Lázaro, s/n, 3.º andar, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou no correo electrónico lopd.xuventude@xunta.es. Cando o/a solicitante facilite datos dun terceiro, aínda que se trate de menores de idade, sempre que sexan maiores de 14 anos, será o/a encargado/a de informar do contido desta cláusula ao titular dos datos e con carácter previo à súa inclusión no dito ficheiro; no caso de menores deberá expresalo nunha linguaxe facilmente comprensible para estes. A presentación desta solicitude implica a autorización para a publicación dos datos do/a solicitante, conforme o disposto no artigo 7.3 desta orde.



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

ANEXO III

CUESTIONARIO MÉDICO-SANITARIO

APellidos e nome do/da participante	INSTALACIÓN CONCEDIDA	DATA
-------------------------------------	-----------------------	------

SOFRE ALGÚN PROCESO ALÉRXICO?  
(en caso de ser afirmativo, deberán presentar certificado médico xustificativo)

QUE TIPO DE VACINAS LLE FORON SUBMINISTRADAS?

PADECE ALGUNHA ENFERMIDADE QUE PRECISE UN COIDADADO ESPECIAL?

PADECE ALGUNHA ENFERMIDADE INFECTO-CONTAXIOSA?

PADECE ALGUNHA LIMITACIÓN FISIOLÓXICA OU FUNCIONAL?

DE QUE TIPO?

GRUPO SANGUÍNEO

OUTRAS OBSERVACIÓNS QUE OS PAIS OU TITÓRES CONSIDEREN OPORTUNO ADVERTIR

EN CASO DE URXENCIA AVISAR A

NOME E APELIDOS		PARENTESCO
PROVINCIA	CONCELLO	ENDEREZO
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que os datos sinalados son certos. Do mesmo xeito, autorizo as decisións médico-cirúrxicas que fose preciso adoptar en caso de extrema urxencia, baixo a adecuada dirección facultativa médica.

Lugar e data

, de de 201

O/A pai/nai ou titor/a do/a participante  
(Para menores de 18 anos)

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos recollidos nos diferentes anexos desta orde resultan necesarios para a adxudicación de prazas xuvenis dentro do programa Campaña de Verán 2012. Os datos facilitados considéranse exactos e postos ao día, ademais de pertinentes e axeitados e serán incorporados a un ficheiro do cal é responsable a Consellería de Traballo e Benestar, coa finalidade de xestión da actividade. O titular dos datos consente a comunicación a organizacións ou persoas directamente relacionadas co responsable do ficheiro e a súa publicación nos termos contidos nesta orde. Non haberá máis cesións de datos agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias ou no caso de que unha lei o prevea. O/a interesado/a pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o centro directivo competente, no enderezo edificio administrativo San Lázaro, s/n, 3.º andar, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou no correo electrónico [lopd.xuventude@xunta.es](mailto:lopd.xuventude@xunta.es)  
Cando o/a solicitante facilite datos dun terceiro, aínda que se trate de menores de idade, sempre que sexan maiores de 14 anos, será o/a encargado/a de informar do contido desta cláusula ao titular dos datos e con carácter previo á súa inclusión no dito ficheiro; no caso de menores deberá expresalo nunha linguaxe facilmente comprensible para estes.



– Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Consellería de Traballo e Benestar.

Enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 3.º andar. 15781 Santiago de Compostela

Teléfonos: 881 99 90 25/881 99 91 94/981 95 71 15/981 54 48 38/981 54 48 51/981 54 48 40.

– Xefatura Territorial da Coruña. Consellería de Traballo e Benestar. Servizo de Xuventude e Voluntariado.

Enderezo: CC Elviña. Rúa Salvador de Madariaga, 9, 1.º. 15008 A Coruña.

Teléfonos: 881 88 12 40/881 88 12 41/881 88 12 43/881 88 12 44.

– Xefatura Territorial de Lugo. Consellería de Traballo e Benestar. Servizo de Xuventude e Voluntariado.

Enderezo: rolda da Muralla, 70. 27001 Lugo.

Teléfonos: 982 29 42 24/982 29 42 51/982 29 49 23.

– Xefatura Territorial de Ourense. Consellería de Traballo e Benestar. Servizo de Xuventude e Voluntariado.

Enderezo: av. Habana, 81, baixo. 32004 Ourense.

Teléfonos: 988 38 61 20/988 38 61 16/ 988 38 61 15/988 38 61 18.

– Xefatura Territorial de Vigo. Consellería de Traballo e Benestar. Servizo de Xuventude e Voluntariado.

Enderezo: rúa Concepción Arenal, 8, 1.º andar. 36201 Vigo-

Teléfonos: 986 81 70 78/986 81 77 81/986 81 76 56.

ANEXO V

**ACTIVIDADES XUVENÍS**  
**RENUNCIA DE PRAZA E SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE COTA**  
**(Antes de cubrir os datos lea as instrucións ao pé de páxina)**  
**DATOS DO/A SOLICITANTE (PERSONA INSCRITA)**

NOME	APELIDOS	DNI	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DATOS DO/DA REPRESENTANTE(1)**

NOME E APELIDOS		DNI	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
COMO (PAI, NAI OU TITOR/A)	DE (PERSONA INSCRITA)		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
DOMICILIO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS QUE OBRIGAN O/A INTERESADO/A A RENUNCIAR Á PRAZA (2)**

RENUNCIA: á praza que tiña adxudicada en (nome campo de traballo, campamento, actividade...):  
  
 que se levará a cabo na (localidade e provincia):  desde o   
 ata o  polos motivos que se indican a seguir:  
  
 e SOLICITA: a devolución da cota previamente ingresada.

**DATOS BANCARIOS DO/A INTERESADO/A OU DA PERSONA QUE O/A REPRESENTA (3)**

CÓDIGO ENTIDADE	CÓDIGO OFICINA	DC	Nº CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TITULAR DA CONTA		ENTIDADE BANCARIA	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			

Autorizo a Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade cos artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade nos sistemas de verificación de datos de identidade.

(Marcar cun X o que proceda)

SI  NON (no caso de non outorgar autorización, deberá achegar copia do DNI)

, de 201

Asdo.:

Asdo.:

(Solicitante: quen renuncia á praza)

(Representante: pai/nai ou titor/a legal do solicitante)

- (1) Soamente no caso de que o/a interesado/a sexa menor de idade ou non dispoña de conta corrente aberta ao seu nome.
- (2) Para poder proceder á devolución da cota é preciso que a renuncia teña entrada (rexistro) na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, nos servizos de Xuventude e Voluntariado dos departamentos territoriais e oficinas locais de Xuventude da Consellería de Traballo e Benestar, polo menos **vinde (20) días naturais antes** do inicio da actividade.
- (3) O/a solicitante da devolución (persoa inscrita ou representante) será o mesmo que o/a titular da conta que se facilita para facer o ingreso (datos bancarios).

**Esta solicitude deberán asinala o/a solicitante e mais o representante, de ser o caso.**

**Director xeral de Xuventude e Voluntariado ou xefe/a territorial**

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos recollidos nos diferentes anexos desta orde resultan necesarios para a adxudicación de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de Verán 2012. Os datos facilitados considéranse exactos e postos ao día, ademais de pertinentes e axeitados e serán incorporados a un ficheiro do cal é responsable a Consellería de Traballo e Benestar, coa finalidade de xestión da actividade. O titular dos datos consente a comunicación destes a organizacións ou persoas directamente relacionadas co responsable do ficheiro e a súa publicación nos termos contidos nesta orde. Non haberá máis cesións de datos agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias ou no caso de que unha lei o prevexa. O/a interesado/a pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o centro directivo competente no enderezo edificio administrativo San Lázaro, s/n, 3.º andar, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou no correo electrónico [lop.d.xuventude@xunta.es](mailto:lop.d.xuventude@xunta.es)

Cando o/a solicitante facilite datos dun terceiro, aínda que se trate de menores de idade, sempre que sexan maiores de 14 anos, será o/a encargado/a de informar do contido desta cláusula ao titular dos datos e con carácter previo á súa inclusión no dito ficheiro; no caso de menores deberá expresalo nunha linguaxe facilmente comprensible para estes.